## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

*CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 21 de febreiro de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para proxectos de enerxía solar fotovoltaica dirixidas a particulares, para o ano 2019.*

Advertidos erros na dita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 45, do 5 de marzo de 2019, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 12539, artigo 4, onde di: «A contía máxima por proxecto será de 50.000 €. Adicionalmente, na procura de instalacións de potencia racionais, establécese un custo elixible máximo por vivenda de 8.000 €», debe dicir: «A contía máxima por proxecto será de 50.000 €. Adicionalmente, na procura de instalacións de potencia racionais, establécese un custo elixible máximo (con IVE) por vivenda de 8.000 €».

Na páxina 12543, artigo 11, número 5, onde di: «A entidade colaboradora presentará telematicamente desde a aplicación a solicitude de axuda unha vez asinada polo beneficiario, mediante o formulario normalizado accesible desde a citada aplicación informática e que se xunta como anexo II», debe dicir: «A entidade colaboradora presentará telematicamente desde a aplicación a solicitude de axuda unha vez asinada polo beneficiario ou representante, mediante o formulario normalizado accesible desde a citada aplicación informática e que se xunta como anexo II».

CVE-DOG: rfcwba03-ubd0-okd9-vv09-wrbce4ml2ir3